



Concello da Pobra do Caramiñal

CONVOCATORIA DO I CONCURSO DE RELATOS CURTOS TEMPO DE LETRAS

A declaración do estado de alarma durante o pasado mes de marzo, provocado pola pandemia do Covid-19, obrigou a suspender tódalas actividades que o Concello da Pobra tiña previstas para a celebración do Día das Letras Galegas. Por este motivo dende a Concellaría de Cultura propónse a realización dun concurso de relatos curtos, actividade que se pode encadrar perfectamente na situación actual, dentro das medidas de protección fronte ó contaxio do Coronavirus.

Os obxectivos que se pretenden son os seguintes:

- Fomenta-lo uso da lingua galega na nosa sociedade.
- Dignifica-la nosa lingua a través da promoción do seu uso literario.
- Dinamizar culturalmente a nosa vila.
- Promove-la creación artística literaria.

Polo tanto o Concello da Pobra do Caramiñal presenta as seguintes bases que establecen as normas para a participación no concurso, así como os prazos, composición do xurado e contía dos premios que se van entregar nas diferentes categorías consideradas:

BASES

- Establécense para o citado concurso tres categorías e terase en conta a idade no último día do prazo de presentación:
- **Infantil:** dirixida a nenas e nenos de entre 8 e 12 anos de idade.
- **Xuvenil:** para as persoas de 13 a 17 anos de idade.
- **Adulta:** a partir de 18 anos en diante.



- Os traballos realizaranse en galego. A extensión do relato será como máximo de catro follas. Os orixinais deberán estar mecanografados por unha soa cara, con marxe de 2,5 cm a espazo e medio, o tipo de letra será Arial, tamaño 12 puntos. Estas normas non se aplicarán ós relatos infantís, onde se aceptarán tamén os orixinais escritos á man con letra lexible e ó bolígrafo. O relato terá unha temática libre.
- Unicamente se admitirá un relato por persoa participante.
- Lugar de presentación: os traballos serán enviados ó enderezo electrónico de Cultura, culturapobra@gmail.com. Nun documento, en formato PDF, enviarase o citado traballo, que virá asinado cun pseudónimo ou alcume (deste xeito garántese que o xurado descoñeza a autoría). Noutro documento, en formato PDF ou arquivo de texto, achegarase o título do relato, o nome e apelidos, o DNI, a data de nacemento, o enderezo electrónico, o enderezo postal e o teléfono. Recibirase a confirmación.
- Prazo de presentación: o prazo de presentación remata no día 29 de maio do ano 2020 ás 24:00 horas.
- O xurado estará formado por tres persoas con coñecementos na materia da literatura. Será competente para resolver aquelas cuestións que non estean recollidas nas bases.
- Os premios serán os seguintes:
- **Categoría infantil:** 1.º premio unha *tablet* e un lote de libros e 2.º premio un lote de libros.
- **Categoría xuvenil:** 1.º premio un *smartphone* e un lote de libros e 2.º premio un lote de libros.
- **Categoría adulta:** 1.º premio un *smartphone* e un lote de libros e 2.º premio un lote de libros.

Tódolos premios serán mercados no comercio da Pobra do Caramiñal.

- As persoas que presenten traballos a este concurso declaran ser responsables da súa autoría e orixinalidade.
- O Concello da Pobra do Caramiñal reserva para si o dereito á publicación e difusión dos traballos.
- O Concello publicará un caderno cos relatos gañadores e unha selección dos mellores puntuados polo xurado, que se distribuirá ó público xeral, cando a normativa sanitaria o permita.

Asinado:

O alcalde, Xosé Lois Piñeiro García

